<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Actividade humana e medio ambiente. Impactos e valoración das actividades humanas nos ecosistemas. Consecuencias ambientais do consumo humano de enerxía. ▪ B3.12. Os recursos naturais e os seus tipos. A superpoboación e as súas consecuencias: deforestación, sobreexplotación, incendios, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Contrastar algunhas actuacións humanas sobre diferentes ecosistemas, valorar a súa influencia e argumentar as razóns de certas actuacións individuais e colectivas para evitar a súa deterioración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.8.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc. ▪ BXB3.8.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Os residuos e a súa xestión. Coñecemento de técnicas sinxelas para coñecer o grao de contaminación e depuración ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Concretar procesos de tratamento de residuos e describir a xestión que dos residuos se fai no seu contorno próximo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.9.1. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ c ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Os residuos e a súa xestión. Coñecemento de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Contrastar argumentos a favor da recollida selectiva de residuos e a súa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.10.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	técnicas sinxelas para coñecer o grao de contaminación e depuración ambiental.	repercusión a nivel familiar e social.	reutilización de recursos materiais.			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Uso de enerxías renovables como factor fundamental para un desenvolvemento sustentable. Consecuencias ambientais do consumo humano de enerxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Asociar a importancia da utilización de enerxías renovables no desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.11.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
Bloque 4. Proxecto de investigación						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Planear, aplicar, e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifican as hipóteses que propón. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Discriminar e decidir sobre as fontes de información e os métodos empregados para a súa obtención. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Proxecto de investigación: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Proxecto de investigación: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Presentar e defender en público o proxecto de investigación realizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

-Temporalización (unidades didácticas por avaliación):

- **1ª avaliación:**

U.D. 1- Estrutura e dinámica da Terra.

U.D. 2- Tectónica e relevo.

U.D. 3- Historia da Terra.

- **2ª avaliación:**

U.D. 6- A organización celular dos seres vivos.

U.D. 7- Herdanza e xenética.

U.D. 8- Información e manipulación xenética.

- **3ª avaliación:**

U.D. 4- Estrutura e dinámica dos ecosistemas.

U.D. 5- A actividade humana e o medio ambiente.

U.D. 9- A orixe e a evolución da vida.

Esta distribución de unidades didácticas é un cálculo estimativo, susceptible de modificación dependendo do nivel e as características do grupo.

3.4. Metodoloxía

Para realizar a labor docente séguese unha metodoloxía determinada, cuxos principios fundamentais se resumen a continuación:

Dado que os alumnos posúen coñecementos previos relacionados con esta materia, trátase de que relacionen os novos coñecementos cos xa adquiridos, e isto posibilita a aprendizaxe e non só a memorización. Ademais, os alumnos teñen que ser protagonistas do proceso de ensino-aprendizaxe, polo que se promove a súa participación activa. Por outra parte, é necesario

que os contidos presentados sexan significativos, é dicir, deben motivar ó alumnado. Neste sentido, desde esta materia empréganse distintas estratexias. Por exemplo, incorpóranse temas de actualidade relacionados coa bioloxía e xeoloxía utilizando noticias de prensa e de revistas científicas así como vídeos, e inténtase mostrar a relación dos contidos coa vida real. Deste xeito, as clases son unha combinación de diversas actividades, coa finalidade de facelas máis amenas e interesantes para o alumnado e de aportarlles unha formación máis completa: análise das ideas previas, explicacións do profesor sobre os contidos do tema, actividades dos alumnos sobre eses contidos, lectura e análise de textos, prácticas (de laboratorio ou non), visionado e interpretación de diapositivas, vídeos, simulacións de ordenador e emprego de páxinas web e programas específicos, pescuda de información, realización de traballos (tanto individualmente como en grupo), exposicións orais deses traballos, etc.

Comentar ademais, que resulta fundamental que os/as alumnos/as traballen en equipo, para que asimilen con naturalidade algunhas actitudes que son importantes tanto para a integración social coma para un posible traballo futuro, xa sexa científico ou de calquera outra índole.

Ó mesmo tempo, coa metodoloxía empregada fomentárase a interdisciplinabilidade (establecendo conexións con outras materias) e os elementos transversais.

Por outra banda, mencionar que desde esta materia se contribuirá a que os estudantes adquiran gradualmente a capacidade de avanzar por si mesmos na construción do seu coñecemento (aprender a aprender) para que logren a autonomía na aprendizaxe. Isto ponse de manifesto, por exemplo, nas actividades de buscar e procesar información en relación a un tema.

Finalmente, para o desenvolvemento da materia empregáranse diversos espazos: aula de referencia do alumnado, laboratorio, aula de informática... En relación ás prácticas de laboratorio, indicar que cando haxa a posibilidade de desdobres, o profesor que avalía ese grupo ha se-lo responsable de planificar as actividades, tanto da metade do grupo que vai o laboratorio como da que queda na aula habitual. Salvo que se decida o contrario de mutuo acordo, o mesmo profesor será quen se faga cargo da metade que vai ó laboratorio.

3.5. Materiais e recursos didácticos.

Para o desenvolvemento das materias ó longo de todo o curso empregáranse unha serie de materiais e recursos, que se resumen a continuación:

- Bioloxía e xeoloxía- 1º de ESO: O libro de texto empregado será o da **editorial Anaya**: Bioloxía e Xeoloxía 1º de ESO.
- Bioloxía e xeoloxía- 3º de ESO: O libro de texto empregado será o da **editorial Santillana**: Bioloxía e Xeoloxía de 3º ESO. Serie observa.
- Bioloxía e xeoloxía- 4º de ESO: O libro de texto empregado será o da **editorial Santillana**: Bioloxía e Xeoloxía de 4º ESO. Serie observa.

Ademais dos materiais e recursos “clásicos” coma o caderno de clase, o encerado ou o libro de texto, utilizaranse sempre que sexa posible outros recursos, dos que se citan a continuación:

- Microscopios, lupas binoculares e, en xeral, material de laboratorio (reactivos químicos, colorantes, balanzas, material de vidro, etc.) para a realización de prácticas de laboratorio.
- Coleccións de rochas, minerais, fósiles, cunchas, ou calquera outra que non implique a recolección e morte de seres vivos.
- Vídeos e DVDs con documentais sobre as distintas unidades indicadas na programación.

- Diapositivas, murais, transparencias, mapas, etc. con imaxes de interese de Bioloxía e Xeoloxía.
- CD rom con simulacións por ordenador de procesos naturais.
- Internet, para a busca de imaxes e información por parte dos propios alumnos ou ben do profesor.
- Aula virtual do centro.
- Libros, revistas científicas ou de temática naturalista, prensa diaria, etc.
- Carpetas con material complementario enviadas polas propias editoriais de libros de texto.
- Páxinas web recomendadas e programas informáticos específicos de interese nesta materia.

3.6. Avaliación:

3.6.1. Avaliación inicial.

Ao inicio de cada curso, farase un cuestionario con preguntas básicas e xerais de cada unidade, o que lle indicará ao profesorado os coñecementos que teñen os alumnos, actividade importante xa que nos permite impartir a materia co nivel axeitado segundo os resultados obtidos en ditos cuestionarios e detectar alumnos con posibles adaptacións curriculares.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

- Saber as medidas organizativas que hai que adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que hai que adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

- Acotar o intervalo de tempo e o modo no que se van avaliar os progresos destes alumnos.

- Fixar o modo no que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Ademais da proba de avaliación inicial de principio de curso, ó comezo de cada unidade didáctica realizaranse unha serie de actividades que permiten ó profesorado coñecer as ideas previas que teñen os alumnos sobre a unidade a desenvolver. Isto permite poder axustar en maior medida a práctica docente á realidade dos alumnos.

3.6.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación será continua ao longo de todo o curso académico. Deste xeito, valorarase diariamente o traballo do alumnado, a través da **observación sistemática** das actividades desenvolvidas na aula e no laboratorio, das respostas a preguntas orais e da súa participación na aula. A información obtida, será anotada na ficha do alumno no caderno do profesorado.

Ademais, levarase a cabo a **revisión de tarefas e traballos** (tanto individuais como en grupo) así como dos cadernos de clase e dos informes de prácticas de laboratorio. Para a valoración de traballos e cadernos empregaranse rúbricas.

Por outra parte, a avaliación basearase tamén en **exames ou probas escritas**.

Para a nota final de cada avaliación consideraranse todas as cualificacións obtidas ó longo da avaliación, tendo en conta os criterios que se concretan no apartado seguinte.

3.6.3. Criterios de cualificación na ESO.

En canto ós criterios de cualificación na ESO convén destacar o seguinte:

-Faranse tres avaliacións por curso académico ao longo das clases presenciais e en cada avaliación haberá un mínimo dun exame escrito. Está prohibido copiar nos exames, de se dar esta circunstancia esa proba quedará suspensa.

-En ESO todo o alumnado terá un caderno de clase, que levará ao día nos apuntamentos, exercicios, prácticas de laboratorio e outras tarefas. Este caderno será avaliado unha vez por trimestre.

-Haberá traballos de clase obrigatorios e voluntarios. Os obrigatorios terán unha data de entrega, os voluntarios poderanse presentar ó longo de todo o curso. Tanto os traballos como os exercicios que teñan unha data de entrega, de non se presentar nese día terán unha cualificación negativa.

-Dos libros, revistas e artigos que se propoñan como lectura obrigatoria e/ou voluntaria o alumnado terá que presentar un resumo ó profesorado nas datas acordadas.

-A falta de asistencia á clase do alumnado, suporá a obriga de que este realice todas aquelas tarefas que se desenvolveran na súa ausencia, salvo casos de falta prolongada e xustificada.

-As **cualificacións** de cada avaliación en ESO determinaranse da seguinte forma:

➤ **1º de ESO:**

-**Probos escritos: 75%.** Cando se realicen varias probas nunha avaliación, farase a media aritmética de todas elas e aplicarase a ese valor resultante o 75%. Ademais, a nota mínima para facer media nas probas será de 3,5.

-**Traballos obrigatorios: 10%.** Os traballos voluntarios poderán subir a cualificación ata un 10 % a maiores da cualificación global, sempre e cando sexa posible por non ter acadado a máxima puntuación (10) o alumnado.

-**Actividades, prácticas de laboratorio, traballos de clase e lectura de libros ou artigos: 10%.**

-**Caderno de clase: 5%**

➤ **3º e 4º de ESO:**

-**Probos escritos: 80%.** Cando se realicen varias probas nunha avaliación, farase a media aritmética de todas elas e aplicarase a ese valor resultante o 80%. Ademais, a nota mínima para facer media nas probas será de 3,5.

-**Traballos obrigatorios: 10%.** Os traballos voluntarios poderán subir a cualificación ata un 10 % a maiores da cualificación global, sempre e cando sexa posible por non ter acadado a máxima puntuación (10) o alumnado.

-**Actividades, prácticas de laboratorio, traballos de clase e lectura de libros ou artigos: 5%.**

-**Caderno de clase: 5%**

O profesor/a indicará a principio de curso a posibilidade de establecer como condición para superar a materia acadar, como mínimo, un 10% entre os tres últimos puntos detallados anteriormente neste apartado. Esta condición xurde co obxectivo de fomentar o traballo diario do alumnado e non unicamente a preparación das probas escritas.

-Para o alumnado que o precise, haberá un exame de **recuperación** por avaliación, que se fará despois da propia avaliación. Dita avaliación darase por recuperada se a cualificación desta proba é igual ou superior a 5. Ao final do curso, de ser necesario, haberá un exame de recuperación xeral para o alumnado que non superou algunha ou algunhas das avaliacións anteriores.

-A nota da avaliación ordinaria de xuño resultará da media aritmética das tres avaliacións desenvolvidas ó longo do curso. Os alumnos non superarán a materia en xuño se algunha das

avaliacións está suspensa. Aquelas persoas que non acaden cualificación positiva en xuño, terán que realizar a avaliación extraordinaria de setembro.

-En setembro haberá un exame na primeira semana deste mes onde se examinará de toda a materia do curso aquel alumnado que fose cualificado cun suspenso en xuño. A cualificación sairá exclusivamente desa proba escrita.

-As cualificacións das distintas avaliacións de trimestre, final e de setembro expresáranse con valores numéricos do 1 ao 10, onde do 1 ao 4 (ambos incluídos) serán suspensos e do 5 ao 10 (ambos incluídos) serán aprobados. Dado que nos boletíns de notas non poden figurar cualificacións decimais, o redondeo da nota farase á alza cando o decimal sexa de 0,75 ou superior. En caso contrario, o redondeo farase á baixa.

-Todo alumnado que chegado o mes de setembro obtivese unha cualificación de suspenso na materia e se deran as circunstancias de promocionar ao seguinte curso, levará a materia pendente. O alumnado con materias pendentes terá un seguimento específico, tal e como se describe no apartado 3.6.4.

3.6.4. Organización das actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes.

Durante as primeiras semanas do curso, convocarase ós alumnos/as coa materia pendente para informalos do plan de seguimento e avaliación. Este plan consistirá na **entrega de boletíns** mensuais de actividades, que serán corrixidos e cualificados, e na realización de **dúas probas escritas** (unha na primeira avaliación e outra na segunda) que versarán sobre os contidos recollidos nos boletíns. As datas de entrega dos boletíns e a data da proba de cada avaliación serán consensuadas co alumnado coa finalidade de non interferir nas probas do curso actual.

A nota que se incluírá en cada avaliación obterase da cualificación das **actividades** entregadas mensualmente, **que suporá o 30 % da nota**, e a cualificación da **proba escrita**, que **suporá o 70%**. A **nota final** do curso será a **media das notas das dúas avaliacións**. Considérase superada a materia se o alumno obtén unha cualificación igual ou superior a 5 en todas as avaliacións.

Se non aprobase algunha avaliación, o alumnado presentarse a unha **proba final no mes de maio**, cuxa data de realización será marcada pola dirección do centro. Nesta proba terá que recuperar aquela/s avaliación ou avaliacións que non superou previamente.

Se tampouco consegue unha cualificación positiva (de 5 ou máis) nesa proba de maio, terá unha nova proba en setembro, na que xa entrará todo o temario (independentemente de que aprobara algunha das avaliacións anteriormente), e que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.

3.7. Medidas de atención á diversidade.

É necesario ter en conta as características concretas dos alumnos para poder axustar a docencia ás necesidades reais de cada un. Así, entre as causas da existencia de diversidade na aula destacan os alumnos con diferente nivel de competencia curricular, alumnos con distinto desenvolvemento psicoevolutivo, con diferentes motivacións e intereses e/ ou con distinta valoración das súas capacidades, estudantes con estilos de aprendizaxe diferentes e/ ou alumnos que proceden de diferentes contextos socioculturais. Ademais disto, hai que ter presente que dentro da diversidade existente na aula podémonos atopar alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).

Debido a que a diversidade sempre está presente na aula, é preciso dispoñer de medidas para atender a esta, entre as que se destacan as actividades de diferente nivel de complexidade, de diferente modo de presentación e as actividades reforzo e ampliación. Tamén se empregan recursos variados e lévase a cabo a variación nos tipos de agrupamentos do alumnado.

No caso da presenza de NEAE, procederase tendo en conta a colaboración e o asesoramento do Departamento de Orientación.

3.8. Elementos transversais.

Tal e como figura no Decreto 86/2015 os elementos transversais a traballar na aula son a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional. Ademais, fomentárase o desenvolvemento dunha serie de valores no alumnado, que se poden agrupar en valores persoais, prevención da violencia e educación e seguridade viaria.

A continuación indícanse propostas de como traballar na aula estes elementos transversais e valores:

➤ **Comprensión lectora e expresión oral e escrita:** inclúese en todas as unidades didácticas, polo menos, un texto ou noticia relacionados coa súa temática, que permite contribuír á comprensión lectora, e tamén ó proxecto lector do centro. A expresión oral e escrita trabállase, por exemplo, en debates e coa realización e exposición de traballos.

➤ **Comunicación audiovisual:** empréganse vídeos e/ ou animacións en todas as unidades didácticas e, por exemplo, proxéctanse escenas representativas de películas vinculadas con algunha unidade da materia a partir das que se desenvolverán outras actividades (debates, comentarios escritos, procura de información...).

➤ **Tecnoloxías da información e comunicación:** inclúese en todas as unidades tarefas relacionadas co uso do ordenador (uso de aplicacións informáticas, pescudas...). Poténciase así á destreza no manexo das novas tecnoloxías e no procesamento da información e, polo tanto, a contribución ó plan TIC de centro.

➤ **Emprendemento:** tarefas variadas nos distintos cursos, como por exemplo, deseño e elaboración de vídeos explicativos...

➤ **Educación cívica:** fomento dunha actitude de respecto cara os demais (opinións, quendas de palabra...), respecto polo material do centro, coidado do medioambiente...

➤ **Valores:**

-**Valores persoais:** pódese destacar aquí:

-**O coidado da saúde:** importancia dunha boa alimentación, de hábitos de vida saudables (realizar exercicio físico, non fumar, postura adecuada ó estar sentados na aula, etc.).

-**O coidado do medio ambiente:** adoptaranse medidas individuais para evitar o deterioro del planeta (usar papel reciclado, apagar as luces cando non se necesitan (por exemplo, no recreo...), etc.

-**O aproveitamento do tempo de ocio:** recoméndanse actividades lúdicas e formativas, como libros de lectura, visitas a museos de historia natural...

-**Prevención da violencia:** destácase a igualdade entre sexos, para o que se distribúen ós alumnos en grupos mixtos en prácticas de laboratorio, traballos..., evitando que se distribúan tarefas por sexos; destacarase o papel das mulleres na ciencia...

-**Educación e seguridade viaria:** especialmente nas saídas didácticas recordaranse unha serie de normas viarias, para evitar situacións perigosas tanto para os alumnos como para outras persoas.

3.9. Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades extraescolares e complementarias permiten un enfoque global do aprendido. As actividades extraescolares deseñadas nesta programación son:

-Saída a unha zona verde, ribeira dun río...próximo ó centro, co obxectivo de estudar un ecosistema próximo clasificando a fauna e flora máis representativa: 1º de ESO.

-Visita a Galiciencia (en colaboración co departamento de Física e Química).

-Saída a unha zona verde, ribeira dun río...próximo ó centro, co obxectivo de estudar un ecosistema próximo clasificando a fauna e flora máis representativa, así como realizar o estudo das rochas características da zona. Posibilidade de facer a saída enmarcada no *Proxecto Ríos* e analizar tamén a calidade da auga dun río próximo ó instituto. 4º de ESO e 1º de bacharelato (alumnado da materia de Bioloxía e Xeoloxía).

-Saída para realizar un traballo de campo (observación do terreo, emprego de material xeolóxico, recollida e identificación de mostras de rochas e minerais, etc.): 1º de bacharelato (alumnado de Bioloxía e Xeoloxía) e 2º de bacharelato (alumnado de Xeoloxía).

-Participación no Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño)

-Participación no Día Mundial da Saúde (7 de abril)

Cabe destacar que durante o curso podería xurdir a posibilidade de realización doutras actividades vinculadas a esta materia que resulten interesantes para o alumnado, podendo desenvolverse previa aprobación por parte do Consello Escolar. En calquera caso, esta programación de actividades pode verse modificada cando o departamento de actividades extraescolares faga a revisión das propostas de todos os departamentos.

3.10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Tal como se recolle no decreto 86/2015 “*o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a práctica docente, para o que se establecerán indicadores de logro nas programacións docentes*”.

Inclúese a continuación unha táboa con indicadores de logro para avaliar a práctica docente e o proceso de ensino. O resultado desta avaliación, permitirá analizar a labor docente e o proceso de ensino co fin de melloralo e perfeccionalo.

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO				
Indicadores de logro	1	2	3	4
Conseguíuse motivar para lograr que o alumno se involucre no proceso de ensino aprendizaxe.				
Logrouse a participación do alumnado.				
Prestouse a atención adecuada á diversidade do alumnado.				
Adoptáronse as medidas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
Empregáronse distintos instrumentos de avaliación				

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE				
Indicadores de logro	1	2	3	4
Empréganse distintas estratexias metodolóxicas.				
Realízanse actividades de inicio en todas as unidades para detectar coñecementos previos.				
Elabóranse as actividades atendendo á diversidade.				
Propóñense actividades variadas que favoreceron a adquisición das competencias clave.				
Combínanse distintos tipos de agrupamentos.				
Empréganse distintos espazos ó longo das unidades didácticas.				
Préstase atención individualizada ós alumnos sempre que é necesario.				
Promóvese a lectura en todas as unidades didácticas.				
Empréganse habitualmente as TIC.				
Préstase atención ó desenvolvemento de elementos transversais.				
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis destacados derivados da corrección das probas, traballos, etc.				

3.11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.

Neste epígrafe trátase de promover a reflexión para a autoavaliación na realización e no desenvolvemento da programación didáctica. Levarase a cabo a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, o que se fará ó final de cada avaliación para así poder recoller as melloras na seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	HAI QUE DESTACAR...	HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Tratamento dos contidos da unidade			

Contribución ás competencias clave			
Estratexias metodolóxicas			
Recursos e espazos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariade			

4. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA NO BACHARELATO:

4.1. Obxectivos.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía

ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave:

Na área de Bioloxía e Xeoloxía incidiremos no desenvolvemento de todas as competencias de xeito sistemático, tal e como se describe a continuación:

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Esta é unha das competencias máis vinculadas á materia. Para desenvolver esta competencia o alumnado aplicará estratexias para resolver problemas do xeito adecuado, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, interpretar datos e gráficas e analizar os resultados, etc.

Comunicación lingüística

Con esta competencia trátase de desenvolver as capacidades de expresión oral e escrita e de comprensión no alumnado. Nese sentido, a materia de Bioloxía e Xeoloxía utiliza unha terminoloxía específica que lles permitirá aos alumnos incorporar esta linguaxe e os seus termos para utilizalos nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Ademais, a comunicación dos resultados de investigacións e a presentación doutros traballos que realicen favorece o desenvolvemento desta competencia. As lecturas e os debates que se realizarán ó longo do curso, permitirán tamén a familiarización e o uso da linguaxe científica.

Competencia dixital

Esta competencia fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que os alumnos se familiaricen cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nas que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modelos xeométricos...). Preténdese que o alumnado saiba manexar as novas tecnoloxías (mediante pescudas en internet sobre algún contido en todas as unidades, manexo de programas específicos...) pero tamén que desenvolvan a capacidade crítica á hora de discernir o que son fontes de consulta fiables e non fiables, a información científica de rigor, perigos potenciais no uso da rede...

Conciencia e expresións culturais

Desde esta materia contribuírase á valoración do patrimonio natural, especialmente nas saídas didácticas que se poidan desenvolver durante o curso. Ademais, o alumnado coidará á elaboración dos materiais, traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta materia favorece o traballo en grupo para a resolución de actividades e o traballo de laboratorio, fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara as opinións dos demais, o que contribúe a adquisición das **competencias sociais e cívicas**. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que

sensibiliza dos riscos da ciencia e da tecnoloxía e permite formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas relacionados co avance científico e tecnolóxico.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O método científico esixe **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, xa que, desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións, faise necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce durante a vida. Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Desde esta materia contribúese tamén á identificación de estilos de aprendizaxe por parte do alumnado, xerar estratexias para aprender...

4.3. Vinculación entre os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe (con grao mínimo de consecución) e competencias clave. Temporalización.

➤ BIOLOXÍA E XEOLOXÍA- 1º DE BACHARELATO:

Biología e Xeoloxía 1º de Bacharelato.						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Os seres vivos: composición e función						
▪ e ▪ i	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Niveis de organización dos seres vivos. ▪ B1.2. Características dos seres vivos: funcións de nutrición, relación e reprodución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Especificar as características dos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.1.1. Describe as características dos seres vivos: funcións de nutrición, relación e reprodución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
▪ l	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Concepto de bioelemento e biomolécula. ▪ B1.4. Clasificación dos bioelementos e das biomoléculas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Distinguir bioelemento, oligoelemento e biomolécula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.2.1. Identifica e clasifica os bioelementos e as biomoléculas presentes nos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
▪ l ▪ d	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Estrutura, composición química e propiedades das biomoléculas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Diferenciar e clasificar os tipos de biomoléculas que constitúen a materia viva, e relacionalos coas súas respectivas funcións biolóxicas na célula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.3.1. Distingue as características fisicoquímicas e as propiedades das moléculas básicas que configuran a estrutura celular, e destaca a uniformidade molecular dos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
▪ d ▪ i	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Estrutura, composición 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Diferenciar os monómeros constituintes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.4.1. Identifica os monómeros constituintes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

Biología e Xeoloxía 1º de Bacharelato.						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	química e propiedades das biomoléculas.	das macromoléculas orgánicas.	das macromoléculas orgánicas.			
▪ d ▪ i	B1.6. Relación entre estrutura e funcións biolóxicas das biomoléculas.	▪ B1.5. Recoñecer e identificar algunhas macromoléculas cuxa conformación estea directamente relacionada coa súa función.	▪ BXB1.5.1. Asocia biomoléculas coa súa función biolóxica de acordo coa súa estrutura tridimensional.	▪ 1ª	▪ 50%	▪ CAA ▪ CD
Bloque 2. A organización celular						
▪ e ▪ i ▪ g	▪ B2.1. A célula como unidade estrutural, funcional e xenética. ▪ B2.2. Modelos de organización celular: célula procariota e eucariota; célula animal e célula vexetal.	▪ B2.1. Describir a célula como unidade estrutural, funcional e xenética dos seres vivos, e distinguir unha célula procariota dunha eucariota e unha célula animal dunha vexetal, analizando as súas semellanzas e as súas diferenzas.	▪ BXB2.1.1. Interpreta a célula como unha unidade estrutural, funcional e xenética dos seres vivos. ▪ BXB2.1.2. Perfila células procariotas e eucarióticas e nomea as súas estruturas.	▪ 1ª	▪ 50%	▪ CAA ▪ CMCCT
▪ m ▪ g	▪ B2.3. Estrutura e función dos orgánulos celulares. ▪ B2.4. Planificación e realización de prácticas de laboratorio. Observación microscópica de células eucariotas animais e vexetais.	▪ B2.2. Identificar os orgánulos celulares, e describir a súa estrutura e a súa función.	▪ BXB2.2.1. Representa esquemáticamente os orgánulos celulares e asocia cada orgánulo coa súa función ou coas súas funcións. ▪ BXB2.2.2. Recoñece e nomea células animais e vexetais mediante microfotografías ou preparacións microscópicas.	▪ 1ª	▪ 50%	▪ CD ▪ CMCCT
▪ e ▪ i	▪ B2.5. Ciclo celular. División celular: mitose e meiose. Importancia na evolución dos seres vivos.	▪ B2.3. Recoñecer e identificar as fases da mitose e da meiose, e argumentar a súa importancia biolóxica.	▪ BXB2.3.1. Describe os acontecementos fundamentais en cada fase da mitose e da meiose.	▪ 1ª e 2ª	▪ 50%	▪ CCL
▪ d ▪ l	▪ B2.5. Ciclo celular. División celular: mitose e meiose. Importancia na evolución dos seres vivos.	▪ B2.4. Establecer as analogías e as diferenzas principais entre os procesos de división celular mitótica e meiótica.	▪ BXB2.4.1. Selecciona as principais analogías e diferenzas entre a mitose e a meiose.	▪ 1ª e 2ª	▪ 50%	▪ CMCCT ▪ CD
Bloque 3. Histoloxía						
▪ i ▪ g	▪ B3.1. Concepto de tecido, órgano, aparello e sistema.	▪ B3.1. Diferenciar os niveis de organización celular e interpretar como se chega ao nivel tisular.	▪ BXB3.1.1. Identifica os niveis de organización celular e determina as súas vantaxes para os seres pluricelulares.	▪ 1ª	▪ 50%	▪ CAA

Bioloxía e Xeoloxía 1º de Bacharelato.							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Principais tecidos animais: estrutura e función. ▪ B3.3. Principais tecidos vexetais: estrutura e función. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Recoñecer e indicar a estrutura e a composición dos tecidos animais e vexetais, en relación coas súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.2.1. Relaciona tecidos animais e/ou vexetais coas súas células características, asociando a cada unha a súa función. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Observacións microscópicas de tecidos animais e vexetais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Asociar imaxes microscópicas ao tecido ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.3.1. Relaciona imaxes microscópicas co tecido ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD 	
Bloque 4. A biodiversidade							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Clasificación e nomenclatura dos seres vivos. Grandes grupos taxonómicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer e indicar os grandes grupos taxonómicos de seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.1.1. Identifica os grandes grupos taxonómicos dos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Clasificación e nomenclatura dos seres vivos. Grandes grupos taxonómicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Interpretar os sistemas de clasificación e nomenclatura dos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.2.1. Coñece e utiliza claves dicotómicas ou outros medios para a identificación e clasificación de especies de animais e plantas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª e 2ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.2.2. Manexa e traballa cos sistemas de clasificación e a nomenclatura dos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Concepto de biodiversidade. Índices de biodiversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Definir o concepto de biodiversidade e coñecer e identificar os principais índices de cálculo de diversidade biolóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.3.1. Coñece o concepto de biodiversidade e relaciónao coa variedade e a abundancia de especies. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.3.2. Resolve problemas de cálculo de índices de diversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.3.3. Aprecia o reino vexetal como desencadeante da biodiversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª e 2ª 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Características dos dominios e dos reinos dos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Coñecer e indicar as características dos tres dominios e os cinco reinos en que se clasifican os seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.4.1. Recoñece os tres dominios e os cinco reinos en que agrupan os seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.4.2. Enumera as características de cada un dos dominios e dos reinos en que se clasifican os seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Biología e Xeoloxía 1º de Bacharelato.						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Grandes zonas bioxeográficas. ▪ B4.5. Patróns de distribución. Principais biomas. Os biomas galegos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Situar as grandes zonas bioxeográficas e os principais biomas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.5.1. Identifica os grandes biomas e sitúa sobre o mapa as principais zonas bioxeográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.5.2. Diferencia os principais biomas e ecosistemas terrestres e mariños. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Grandes zonas bioxeográficas. ▪ B4.5. Patróns de distribución. Principais biomas. Os biomas galegos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Relaciona as zonas bioxeográficas coas principais variables climáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.6.1. Recoñece e explica a influencia do clima na distribución de biomas, ecosistemas e especies. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.6.2. Identifica as principais variables climáticas que inflúen na distribución dos grandes biomas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Grandes zonas bioxeográficas. ▪ B4.5. Patróns de distribución. Principais biomas. Os biomas galegos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Interpretar mapas bioxeográficos e determinar as formacións vexetais correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.7.1. Interpreta mapas bioxeográficos e de vexetación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.7.2. Asocia e relaciona as principais formacións vexetais cos biomas correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Factores xeolóxicos e biolóxicos que inflúen na distribución dos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Valorar a importancia da latitude, a altitude e outros factores xeográficos na distribución das especies. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.8.1. Relaciona a latitude, a altitude, a continentalidade, a insularidade e as barreiras oroxénicas e mariñas coa distribución das especies. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. A evolución como fonte de biodiversidade. Proceso de especiación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Relacionar a biodiversidade co proceso evolutivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.9.1. Relaciona a biodiversidade co proceso de formación de especies mediante cambios evolutivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
▪ a ▪ b ▪ l	▪ B5.3. Axentes atmosféricos, augas continentais e mariñas e seres	▪ B5.2. Identificar o papel da atmosfera, a hidrosfera e a biosfera e, nela, a acción antrópica.	▪ XB5.2.1. Identifica o papel da atmosfera, a hidrosfera e a biosfera (incluída a acción antrópica).	▪ 2ª	▪ 50%	▪ CMCCT

Xeoloxía. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	vivos, incluída a acción antrópica, como axentes que orixinan os procesos xeolóxicos externos.					
▪ a ▪ e ▪ h	▪ B5.4. Radiación solar e gravidade como motores dos procesos xeolóxicos externos.	▪ B5.3. Distinguir a enerxía solar e a gravidade como motores dos procesos externos.	▪ XB5.3.1. Analiza o papel da radiación solar e da gravidade como motores dos procesos xeolóxicos externos.	▪ 2ª	▪ 50%	▪ CAA
▪ e	▪ B5.5. Meteorización: tipos. ▪ B5.6. Procesos edafoxenéticos. Evolución e tipos de solo.	▪ B5.4. Coñecer e describir os principais procesos de meteorización física e química, entender os procesos de edafoxénese, e coñecer e identificar os principais tipos de chans.	▪ XB5.4.1. Diferencia os tipos de meteorización. ▪ XB5.4.2. Coñece os principais procesos edafoxenéticos e a súa relación cos tipos de solos.	▪ 2ª ▪ 2ª	▪ 50% ▪ 50%	▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CAA
▪ e ▪ l	▪ B5.7. Movementos de ladeira: tipos; factores que inflúen nos procesos.	▪ B5.5. Comprender e diferenciar os factores que inflúen nos movementos de ladeira e os principais tipos.	▪ XB5.5.1. Identifica os factores que favorecen ou dificultan os movementos de ladeira e coñece os seus principais tipos.	▪ 2ª	▪ 50%	▪ CMCCT
▪ a ▪ c ▪ i	▪ B5.8. Acción xeolóxica da auga. Distribución da auga na Terra. Ciclo hidrolóxico.	▪ B5.6. Analizar a distribución da auga no planeta Terra e o ciclo hidrolóxico.	▪ XB5.6.1. Coñece a distribución da auga no planeta, e comprende e describe o ciclo hidrolóxico.	▪ 2ª	▪ 50%	▪ CMCCT ▪ CAA
▪ a ▪ l ▪ e	▪ B5.9. Augas superficiais: procesos e formas resultantes.	▪ B5.7. Analizar a influencia do escoamento superficial como axente modelador e diferenciar as súas formas resultantes.	▪ XB5.7.1. Relaciona os procesos de escoamento superficial e as súas formas resultantes.	▪ 2ª	▪ 50%	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ i ▪ e	▪ B5.10. Glaciares: tipos, procesos e formas resultantes.	▪ B5.8. Comprender e describir os procesos glaciares e as súas formas resultantes.	▪ XB5.8.1. Diferencia as formas resultantes da modelaxe glacial, asociándoas co seu proceso correspondente.	▪ 2ª	▪ 50%	▪ CMCCT ▪ CAA
▪ i ▪ e	▪ B5.11. O mar: ondas, mareas e correntes de deriva. Procesos e formas resultantes.	▪ B5.9. Comprender e describir os procesos xeolóxicos derivados da acción mariña e a formas resultantes.	▪ XB5.9.1. Comprende a dinámica mariña e relaciona as formas resultantes co seu proceso correspondente.	▪ 2ª	▪ 50%	▪ CMCCT ▪ CAA
▪ i ▪ e	▪ B5.12. Acción xeolóxica do vento: procesos e formas resultantes. Desertos.	▪ B5.10. Comprender e describir os procesos xeolóxicos derivados da acción eólica e relacionalos coas formas resultantes.	▪ XB5.10.1. Diferencia formas resultantes da modelaxe eólica.	▪ 2ª	▪ 50%	▪ CMCCT
▪ e ▪ l	▪ B5.13. Circulación atmosférica e situación dos desertos. Principais	▪ B5.11. Entender a relación entre a circulación xeral atmosférica e a	▪ XB5.11.1. Sitúa a localización dos principais desertos.	▪ 2ª	▪ 50%	▪ CMCCT

Xeoloxía. 2º de bacharelato						
Objetivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	desertos do planeta.	localización dos desertos.				
▪ i ▪ i	▪ B5.14. Litoloxía e relevo (relevo cárstico e granítico).	▪ B5.12. Coñecer algúns relevos singulares condicionados pola litoloxía (modelaxe cárstica e granítica).	▪ XB5.12.1. Relaciona algúns relevos singulares co tipo de rocha.	▪ 2ª	▪ 50%	▪ CAA
▪ i ▪ l	▪ B5.15. Estrutura e relevos estruturais.	▪ B5.13. Analizar a influencia das estruturas xeolóxicas no relevo.	▪ XB5.13.1. Relaciona algúns relevos singulares coa estrutura xeolóxica.	▪ 2ª	▪ 50%	▪ CAA
▪ g ▪ l	▪ B5.16. Relacións entre as paisaxes e os procesos xeolóxicos externos. ▪ B5.17. A paisaxe galega e os procesos xeolóxicos responsables. Xeomorfoloxía de Galicia.	▪ B5.14. Interpretar fotografías de paisaxes en relacións cos axentes e os procesos xeolóxicos externos.	▪ XB5.14.1. A través de fotografías ou de visitas con Google Earth a diferentes paisaxes locais ou rexionais, relaciona o relevo cos axentes e os procesos xeolóxicos externos.	▪ 2ª	▪ 50%	▪ CD
Bloque 6. Tempo xeolóxico e xeoloxía histórica						
▪ c ▪ m	▪ B6.1. O tempo en Xeoloxía. Debate sobre a idade da Terra. Uniformismo fronte a catastrofismo. Rexistro estratigráfico.	▪ B6.1. Analizar o concepto do tempo xeolóxico e entender a natureza do rexistro estratigráfico e a duración de diversos fenómenos xeolóxicos.	▪ XB6.1.1. Argumenta sobre a evolución do concepto de tempo xeolóxico e a idea da idade da Terra ao longo de historia do pensamento científico.	▪ 3ª	▪ 50%	▪ CSC ▪ CSIEE
▪ e ▪ l	▪ B6.2. Método do actualismo: aplicación á reconstrución paleoambiental. Estruturas sedimentarias e bioxénicas. Paleoclimatoloxía.	▪ B6.2. Entender a aplicación do método do actualismo á reconstrución paleoambiental; coñecer e indicar algúns tipos de estruturas sedimentarias e bioxénicas, e a súa aplicación; e utilizar os indicadores paleoclimáticos máis representativos.	▪ XB6.2.1. Entende e desenvolve a analogía dos estratos como as páxinas do libro onde está escrita a historia da Terra. ▪ XB6.2.2. Coñece a orixe dalgunhas estruturas sedimentarias orixinadas por correntes (ripples e estratificación cruzada) e bioxénicas (galerías e pistas), e utilizaas para a reconstrución paleoambiental.	▪ 3ª ▪ 3ª	▪ 50% ▪ 50%	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CAA
▪ i ▪ a	▪ B6.3. Métodos de datación: xeocronoloxía relativa e absoluta. Principio de superposición dos estratos. Fósiles. Bioestratigra	▪ B6.3. Coñecer e diferenciar os principais métodos de datación absoluta e relativa; aplicar o principio de superposición de estratos e derivados para interpretar cortes	▪ XB6.3.1. Coñece e utiliza os métodos de datación relativa e das interrupcións no rexistro estratigráfico a partir da interpretación de cortes xeolóxicos e correlación de columnas estratigráficas.	▪ 3ª	▪ 50%	▪ CMCCT ▪ CAA

Xeoloxía. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	<p>Metodos radiométricos de datación absoluta.</p> <ul style="list-style-type: none"> B6.4. Interpretación de cortes xeolóxicos e de mapas topográficos. Elaboración e interpretación de columnas estratigráficas. 	<p>xeolóxicos; e entender os fósiles guía como peza clave para a datación bioestratigráfica.</p>				
<ul style="list-style-type: none"> i e 	<ul style="list-style-type: none"> B6.5. Táboa de tempo xeolóxico: unidades cronoestratigráficas e xeocronolóxicas. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.4. Identificar as principais unidades cronoestratigráficas que conforman a táboa de tempo xeolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> XB6.4.1. Coñece as unidades cronoestratigráficas, e amosa o seu manexo en actividades e exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC
<ul style="list-style-type: none"> c l 	<ul style="list-style-type: none"> B6.6. Xeoloxía histórica. Evolución xeolóxica e biolóxica da Terra desde o arcaico á actualidade, resaltando os principais eventos. Primates e evolución do xénero Homo. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.5. Coñecer e indicar os principais eventos globais acontecidos na evolución da Terra desde a súa formación. 	<ul style="list-style-type: none"> XB6.5.1. Analiza algúns dos cambios climáticos, biolóxicos e xeolóxicos que aconteceron nas diferentes era xeolóxicas, e confecciona resumos explicativos ou táboas. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a b c m 	<ul style="list-style-type: none"> B6.7. Cambio climático naturais. Relación entre fenómenos naturais e cambios climáticos. B6.8. Cambio climático actual. Influencia da actividade humana. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.6. Diferenciar os cambios climáticos naturais e os inducidos pola actividade humana. 	<ul style="list-style-type: none"> XB6.6.1. Relaciona fenómenos naturais con cambios climáticos, e valora a influencia da actividade humana. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA
Bloque 7. Riscos xeolóxicos						
<ul style="list-style-type: none"> i 	<ul style="list-style-type: none"> B7.1. Riscos naturais: perigo, vulnerabilidade, exposición e custo. 	<ul style="list-style-type: none"> B7.1. Coñecer e identificar os principais termos no estudo dos riscos naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> XB7.1.1. Coñece e utiliza os principais termos no estudo dos riscos naturais: risco, perigo, vulnerabilidade e custo. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> e i 	<ul style="list-style-type: none"> B7.2. Clasificación dos riscos naturais: endóxenos, exóxenos e extraterrestres. 	<ul style="list-style-type: none"> B7.2. Caracterizar os riscos naturais en función da súa orixe: endóxena, exóxena e extraterrestre. 	<ul style="list-style-type: none"> XB7.2.1. Coñece os principais riscos naturais e clasifícaoos en función da súa orixe endóxena, exóxena ou extraterrestre. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> e a 	<ul style="list-style-type: none"> B7.3. Principais riscos endóxenos: terremotos e volcáns. 	<ul style="list-style-type: none"> B7.3. Analizar en detalle algúns dos principais fenómenos naturais: 	<ul style="list-style-type: none"> XB7.3.1. Analiza casos concretos dos principais fenómenos naturais que 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CAA

Xeoloxía. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> B7.4. Principais riscos exógenos: movementos de ladeira, inundacións e dinámica litoral. 	terremotos, erupcións volcánicas, movementos de ladeira, inundacións e dinámica litoral.	acontecen no noso país: terremotos, erupcións volcánicas, movementos de ladeira, inundacións e dinámica litoral.			
<ul style="list-style-type: none"> c e 	<ul style="list-style-type: none"> B7.5. Situar os principais riscos endóxenos e exógenos do noso país. Relaciona a súa distribución coas características xeolóxicas de cada zona. 	<ul style="list-style-type: none"> B7.4. Comprender e sinalar a distribución destes fenómenos naturais no noso país e saber onde hai maior risco. 	<ul style="list-style-type: none"> XB7.4.1. Coñece os riscos máis importantes no noso país e relaciona a súa distribución con determinadas características de cada zona. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> a h 	<ul style="list-style-type: none"> B7.6. Análise e xestión de riscos: cartografías de inventario, susceptibilidade e grao de perigo. 	<ul style="list-style-type: none"> B7.5. Entender as cartografías de risco. 	<ul style="list-style-type: none"> XB7.5.1. Interpreta as cartografías de risco. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CAA
<ul style="list-style-type: none"> a m c 	<ul style="list-style-type: none"> B7.7. Prevención: campañas e medidas de autoprotección. 	<ul style="list-style-type: none"> B7.6. Valorar a necesidade de levar a cabo medidas de autoprotección. 	<ul style="list-style-type: none"> XB7.6.1. Coñece e valora as campañas de prevención e as medidas de autoprotección. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> a h 	<ul style="list-style-type: none"> B7.8. Análise dos principais fenómenos naturais acontecidos no planeta e en Galicia durante o curso escolar 	<ul style="list-style-type: none"> B7.7. Analizar os principais fenómenos naturais que aconteceron durante o curso escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> XB7.6.2. Analiza e comprende os principais fenómenos naturais acontecidos durante o curso no planeta, o país e o seu ámbito local. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CAA
Bloque 8. Recursos minerais e enerxéticos e augas subterráneas						
<ul style="list-style-type: none"> a h 	<ul style="list-style-type: none"> B8.1. Recursos renovables e non renovables. 	<ul style="list-style-type: none"> B8.1. Comprender e diferenciar os conceptos de recursos renovables e non renovables, e identificar os tipos de recursos naturais de tipo xeolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> XB8.1.1. Coñece e identifica os recursos naturais como renovables ou non renovables. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> c l 	<ul style="list-style-type: none"> B8.2. Clasificación dos recursos minerais e enerxéticos en función do seu interese económico, social e ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> B8.2. Clasificar os recursos minerais e enerxéticos en función da súa utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> XB8.2.1. Identifica a procedencia dos materiais e dos obxectos que o/a rodean, e realiza unha táboa sinxela onde se indique a relación entre a materia prima e os materiais ou obxectos. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> a c h m 	<ul style="list-style-type: none"> B8.3. Depósitos minerais. Conceptos de reservas e leis. Principais tipos de depósitos de interese económico a nivel mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> B8.3. Explicar o concepto de depósito mineral como recurso explotable, distinguindo os principais tipos de interese económico. 	<ul style="list-style-type: none"> XB8.3.1. Localiza información na rede de diversos tipos de depósitos, e relaciónaos con algún dos procesos xeolóxicos formadores de minerais e de rochas. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> 50% 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA

Xeoloxía. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.4. Exploración, avaliación e explotación sustentable de recursos minerais e enerxéticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.4. Coñecer e identificar as etapas e as técnicas empregadas na exploración, na avaliación e na explotación sustentable dos recursos minerais e enerxéticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB8.4.1. Elabora táboas e gráficos sinxelos a partir de datos económicos de explotacións mineiras, estima un balance económico e interpreta a evolución dos datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.5. Xestión e protección ambiental nas explotacións de recursos minerais e enerxéticos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.5. Entender a xestión e protección ambiental como unha cuestión inescusable para calquera explotación dos recursos minerais e enerxéticos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB8.5.1. Compila información ou visita algunha explotación mineira concreta, e emite unha opinión crítica fundamentada nos datos obtidos e/ou nas observacións realizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.6. Ciclo hidrolóxico e augas subterráneas. Nivel freático, acuíferos e resurxencias. Circulación da auga a través dos materiais xeolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.6. Explicar conceptos relacionados coas augas subterráneas, como acuíferos e os seus tipos, nivel freático, mananciais, resurxencias e os seus tipos, ademais de coñecer a circulación da auga a través dos materiais xeolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB8.6.1. Coñece e relaciona os conceptos de augas subterráneas, nivel freático, resurxencias de auga e circulación da auga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.7. A auga subterránea como recurso natural: captación e explotación sustentable. Posibles problemas ambientais: salinización de acuíferos, subsidencia e contaminación. Contaminación das augas subterráneas en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.7. Valorar a auga subterránea como recurso e a influencia humana na súa explotación. Coñecer e indicar os posibles efectos ambientais dunha inadecuada xestión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB8.7.1. Comprende e valora a influencia humana na xestión as augas subterráneas, expresando a opinión sobre os efectos desta en medio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
Bloque 9. Xeoloxía de España						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.1. Principais dominios xeolóxicos da Península Ibérica, as Baleares e as Canarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.1. Coñecer e identificar os principais dominios xeolóxicos de España: Varisco, oróxeos alpinos, grandes concas e Illas Canarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB9.1.1. Coñece a xeoloxía básica de España identificando os principais dominios xeolóxicos sobre mapas físicos e xeolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.2. Principais eventos xeolóxicos na historia da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.2. Explicar a orixe xeolóxica da Península Ibérica, as Baleares e as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB9.2.1. Comprende a orixe xeolóxica da Península Ibérica, as Baleares e as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT

Xeoloxía. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	Península Ibérica, as Baleares e as Canarias: orixe do Atlántico, do Cantábrico e do Mediterráneo, e formación das principais cordilleiras e concas.	Canarias, e interpretar mapas e modelos gráficos que simulen a evolución da península, as illas e os mares que as rodean.	Canarias, e utiliza a tecnoloxía da información para interpretar mapas e modelos gráficos que simulen a evolución da península, as illas e os mares que as rodean.			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.4. Evolución dos procesos xeodinámicos do planeta relacionados coa historia xeolóxica de Iberia, as Baleares e as Canarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.3. Explicar a historia xeolóxica de Iberia, as Baleares e as Canarias, e os eventos relacionados coa tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB9.3.1. Coñece e enumera os principais acontecementos xeolóxicos que aconteceron no planeta, que estean relacionados coa historia de Iberia, as Baleares e as Canarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ I ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.5. Evolución xeolóxica de Galicia no marco da tectónica de placas. Unidades paleoxeográficas de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.4. Explicar a xeoloxía de Galicia como parte do dominio Varisco, resultado da historia xeolóxica do planeta e a tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB9.4.1. Integra a xeoloxía local (cidade, provincia e/ou comunidade autónoma) cos principais dominios xeolóxicos, a historia xeolóxica do planeta e a tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
Bloque 10. Xeoloxía de campo						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ I ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.1. Metodoloxía científica e traballo de campo. Normas de seguridade e autoprotección no campo. ▪ B10.2. Equipo de campo do/da xeólogo/a. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.1. Coñecer e identificar as principais técnicas que se utilizan na xeoloxía de campo e manexar algúns instrumentos básicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB10.1.1. Utiliza o material de campo (martelo, caderno, lupa e compás). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.3. Técnicas de interpretación e orientación. Lectura de mapas xeolóxicos sinxelos. ▪ B10.4. De cada práctica de campo: <ul style="list-style-type: none"> – Estudos previos de consulta de mapas, fotografías aéreas, bibliografía, etc. – Confirmación no itinerario da xeoloxía básica da rexión e os elementos singulares do patrimonio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.2. Ler mapas xeolóxicos sinxelos dunha comarca ou rexión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB10.2.1. Le mapas xeolóxicos sinxelos, fotografías aéreas e imaxes de satélite, que contrasta coas observacións no campo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD

Xeoloxía. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	<p>xeolóxico do lugar.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación dos elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.3. Técnicas de interpretación cartográfica e orientación. Lectura de mapas xeolóxicos sinxelos. ▪ B10.4. De cada práctica de campo: <ul style="list-style-type: none"> - Estudos previos de consulta de mapas, fotografías aéreas, bibliografía, etc. - Confirmación no itinerario da xeoloxía básica da rexión e os elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. - Avaliación dos elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.3. Observar os principais elementos xeolóxicos dos itinerarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB10.3.1. Coñece e describe os principais elementos xeolóxicos do itinerario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.3. Técnicas de interpretación cartográfica e orientación. Lectura de mapas xeolóxicos sinxelos. ▪ B10.4. De cada práctica de campo: <ul style="list-style-type: none"> - Estudos previos de consulta de mapas, fotografías aéreas, bibliografía, etc. - Confirmación no itinerario da xeoloxía básica da rexión e os elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. - Avaliación dos elementos singulares do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.4. Utilizar as principais técnicas de representación de datos xeolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB10.3.2. Observa e describe afloramentos da zona. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL

Xeoloxía. 2º de bacharelato						
Objetivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por avaliación)	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	patrimonio xeolóxico do lugar.					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.3. Técnicas de interpretación cartográfica e orientación. Lectura de mapas xeolóxicos sinxelos. ▪ B10.4. De cada práctica de campo: <ul style="list-style-type: none"> – Estudos previos de consulta de mapas, fotografías aéreas, bibliografía, etc. – Confirmación no itinerario da xeoloxía básica da rexión e os elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. – Avaliación dos elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.5. Integrar a xeoloxía local do itinerario na xeoloxía rexional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB10.3.3. Recoñece e clasifica mostras de rochas, minerais e fósiles da zona. ▪ XB10.4.1. Utiliza as principais técnicas de representación de datos xeolóxicos (columnas estratigráficas, cortes xeolóxicos sinxelos e mapas xeotemáticos). ▪ XB10.5.1. Reconstrúe a historia xeolóxica da rexión e identifica os procesos activos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª, 3ª ▪ 3ª ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% ▪ 50% ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.4. De cada práctica de campo: <ul style="list-style-type: none"> – Estudos previos de consulta de mapas, fotografías aéreas, bibliografía, etc. – Confirmación no itinerario da xeoloxía básica da rexión e os elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. – Avaliación dos elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.6. Recoñecer os recursos e procesos activos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB10.6.1. Coñece e analiza os seus principais recursos e riscos xeolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ a ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.5. Concepto de patrimonio xeolóxico e puntos de interese xeolóxico (PIX). Principais exemplos en Galicia 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.7. Entender as singularidades do patrimonio xeolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB10.7.1. Comprende a necesidade de apreciar, valorar, respectar e protexer os elementos do patrimonio xeolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

-Temporalización (unidades didácticas por avaliación):

- **1ª avaliación:**

U.D. 1- Métodos de estudo e orixe da Terra.

U.D. 2- Tectónica de placas, unha teoría global.

U.D. 3- Tectónica: deformación das rochas e formación das cordilleiras.

U.D. 4- Minerais: os compoñentes das rochas.

- **2ª avaliación:**

U.D. 5- Magmatismo e rochas ígneas.

U.D. 6- Metamorfismo e rochas metamórficas.

U.D. 7- Sedimentación e rochas sedimentarias.

U.D. 8- Procesos xeolóxicos externos.

- **3ª avaliación:**

U.D. 9- Tempo histórico e xeoloxía histórica.

U.D. 10- Riscos naturais.

U.D. 11- Xeoloxía e sociedade.

U.D. 12- Xeoloxía de España.

U.D. 13- Traballo de campo.

Esta distribución de unidades didácticas é un cálculo estimativo, susceptible de modificación dependendo do nivel e as características do grupo.

4.4. Metodoloxía

Para realizar a labor docente séguese unha metodoloxía determinada, cuxos principios fundamentais se resumen a continuación:

Dado que os alumnos posúen coñecementos previos relacionados con esta materia, trátase de que relacionen os novos coñecementos cos xa adquiridos, e isto posibilita a aprendizaxe e non só a memorización. Ademais, os alumnos teñen que ser protagonistas do proceso de ensino-aprendizaxe, polo que se promove a súa participación activa. Por outra parte, os contidos presentados teñen que ser significativos, é dicir, deben motivar ó alumnado. Neste sentido, desde esta materia empréganse distintas estratexias. Por exemplo, incorpóranse temas de actualidade relacionados coa bioloxía e xeoloxía utilizando noticias de prensa e de revistas científicas, e inténtase mostrar a relación dos contidos coa vida real. Deste xeito, as clases son unha combinación de diversas actividades, coa finalidade de facelas máis amenas e interesantes para o alumnado e de aportarlles unha formación máis completa: análise das ideas previas, explicacións do profesor sobre os contidos do tema, actividades dos alumnos sobre eses contidos, lectura e análise de textos, prácticas (de laboratorio ou non), visionado e interpretación de diapositivas, vídeos, simulacións de ordenador e emprego de páxinas web e programas específicos, pescuda de información, realización de traballos (tanto individualmente como en grupo), exposicións orais deses traballos, etc.

Comentar ademais, que resulta fundamental que os/as alumnos/as traballen en equipo, para que asimilen con naturalidade algunhas actitudes que son importantes tanto para a integración social coma para un posible traballo futuro, xa sexa científico ou de calquera outra índole.

Ó mesmo tempo, coa metodoloxía empregada fomentárase a interdisciplinabilidade (establecendo conexións con outras materias) e os elementos transversais.

Por outra banda, mencionar que desde esta materia se contribuirá a que os estudantes adquiran gradualmente a capacidade de avanzar por si mesmos na construción do seu coñecemento (aprender a aprender) para que logren a autonomía na aprendizaxe. Isto ponse de manifesto, por exemplo, nas actividades de buscar e procesar información en relación a un tema.

Finalmente, para o desenvolvemento da materia empregaranse diversos espazos: aula de referencia do alumnado, laboratorio, aula de informática... En relación ás prácticas de laboratorio, indicar que cando haxa a posibilidade de desdobres, o profesor que avalía ese grupo ha se-lo responsable de planificar as actividades, tanto da metade do grupo que vai o laboratorio como da que queda na aula habitual. Salvo que se decida o contrario de mutuo acordo, o mesmo profesor será quen se faga cargo da metade que vai ó laboratorio.

4.5. Materiais e recursos didácticos.

Para o desenvolvemento das materias ó longo de todo o curso empregaranse unha serie de materiais e recursos, que se resumen a continuación:

- Bioloxía e xeoloxía- 1º de bacharelato: O libro de texto empregado será o da **editorial SM**: Bioloxía e Xeoloxía 1º de bacharelato.
- Bioloxía- 2º de bacharelato: O libro de texto empregado será o da **editorial SM**: Bioloxía 2º de bacharelato.
- Xeoloxía- 2º de bacharelato: O alumnado non dispón de libro de texto obrigatorio. Empregaremos como libro de consulta “Geoloxía 2º de bachillerato” da Editorial Edelvives, así como apuntamentos e outras materias proporcionados pola profesora.

Ademais dos materiais e recursos “clásicos” coma o caderno de clase, o encerado ou o libro de texto, utilizaranse sempre que sexa posible outros recursos, dos que se citan a continuación:

- Microscopios, lupas binoculares e, en xeral, material de laboratorio (reactivos químicos, colorantes, balanzas, material de vidro, etc.) para a realización de prácticas de laboratorio.
- Coleccións de rochas, minerais, fósiles, cunchas, ou calquera outra que non implique a recolección e morte de seres vivos.
- Vídeos e DVDs con documentais sobre os distintos temas da programación.
- Diapositivas, murais, transparencias, mapas, etc. con imaxes de interese de Bioloxía.
- CD rom con simulacións por ordenador de procesos naturais.
- Internet, para a busca de imaxes e información por parte dos propios alumnos ou ben do profesor.
- Aula virtual do centro.
- Libros, revistas científicas ou de temática naturalista, prensa diaria, etc.
- Carpetas con material complementario enviadas polas propias editoriais de libros de texto.
- Páxinas web recomendadas e programas informáticos específicos de interese nesta materia.

4.6. Avaliación:

4.6.1. Avaliación inicial.

Ao inicio de cada curso, farase un cuestionario con preguntas básicas e xerais de cada unidade, o que lle indicará ao profesorado os coñecementos que teñen os alumnos, actividade importante xa que nos permite impartir a materia co nivel axeitado segundo os resultados obtidos en ditos cuestionarios e detectar alumnos con posibles adaptacións curriculares.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

- Saber as medidas organizativas que hai que adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que hai que adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

- Acotar o intervalo de tempo e o modo no que se van avaliar os progresos destes alumnos.

- Fixar o modo no que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Ademais da proba de avaliación inicial de principio de curso, ó comezo de cada unidade didáctica realizaranse unha serie de actividades que permiten ó profesorado coñecer as ideas previas que teñen os alumnos sobre a unidade a desenvolver. Isto permite poder axustar en maior medida a práctica docente á realidade dos alumnos.

4.6.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación será continua ao longo de todo o curso académico. Deste xeito, valorarase diariamente o traballo do alumnado, a través da **observación sistemática** das actividades desenvolvidas na aula e no laboratorio, das respostas a preguntas orais e da súa participación na aula. A información obtida, será anotada na ficha do alumno no caderno do profesorado.

Ademais, levarase a cabo a **revisión de tarefas e traballos** (tanto individuais como en grupo) así como dos informes de prácticas de laboratorio. Para a valoración de traballos empregaranse rúbricas.

Por outra parte, a avaliación basearase tamén en **exames ou probas escritas**.

Para a nota final de cada avaliación consideraranse todas as cualificacións obtidas ó longo da avaliación, tendo en conta os criterios que se concretan no apartado seguinte.

4.6.3. Criterios de cualificación no bacharelato.

En canto ós criterios de cualificación no bacharelato convén destacar o seguinte:

- Faranse tres avaliacións por curso académico ao longo das clases presenciais e en cada avaliación haberá un mínimo dun exame escrito. Está prohibido copiar nos exames, de se dar esta circunstancia esa proba quedará suspensa.

- Haberá traballos de clase obrigatorios e voluntarios. Os obrigatorios terán unha data de entrega, os voluntarios poderanse presentar ó longo de todo o curso. Tanto os traballos como os exercicios que teñan unha data de entrega, de non se presentar nese día terán unha cualificación negativa.

-Dos libros, revistas e artigos que se propoñan como lectura obrigatoria e/ou voluntaria o alumnado terá que presentar un resumo ó profesorado nas datas acordadas.

-A falta de asistencia á clase do alumnado, suporá a obriga de que este realice todas aquelas tarefas que se desenvolveran na súa ausencia, salvo casos de falta prolongada e xustificada.

-As **cualificacións** de cada avaliación en **bacharelato** determinaranse da seguinte forma:

-**Probas escritas: 90%**. Cando se realicen varias probas nunha avaliación, farase a media aritmética de todas elas e aplicarase a ese valor resultante o 90%. Ademais, a nota mínima para facer media nas probas será de 3,5.

-**Traballos obrigatorios: 5%**. Os traballos voluntarios poderán subir a cualificación ata un 10 % a maiores do expresado anteriormente, sempre e cando sexa posible por non ter acadado a máxima puntuación (10) o alumnado.

-**Actividades, informes de prácticas de laboratorio, traballos de clase e lectura de libros ou artigos: 5%**.

-Para o alumnado que o precise, haberá un exame de **recuperación** por avaliación, que se fará despois da propia avaliación. Dita avaliación darase por recuperada se a cualificación desta proba é igual ou superior a 5. Ao final do curso, de ser necesario, haberá un exame de recuperación xeral para o alumnado que non superou algunha ou algunhas das avaliacións anteriores.

-A nota da avaliación ordinaria de xuño resultará da media aritmética das tres avaliacións desenvolvidas ó longo do curso. Os alumnos non superarán a materia en xuño se algunha das avaliacións está suspensa. Aquelas persoas que non acaden cualificación positiva en xuño, terán que realizar a avaliación extraordinaria de setembro.

-O alumnado que non asiste a clase regularmente perde o dereito de avaliación continua e só ten dereito a un exame final.

-En setembro haberá un exame na primeira semana deste mes onde se examinará de toda a materia do curso aquel alumnado que fose cualificado cun suspenso en xuño. A cualificación sairá exclusivamente desa proba escrita.

-As cualificacións das distintas avaliacións de trimestre, final e de setembro expresáranse con valores numéricos do 1 ao 10, onde do 1 ao 4 (ambos incluídos) serán suspensos e do 5 ao 10 (ambos incluídos) serán aprobados. Dado que nos boletíns de notas non poden figurar cualificacións decimais, o redondeo da nota farase á alza cando o decimal sexa de 0,75 ou superior. En caso contrario, o redondeo farase á baixa.

-Todo alumnado que chegado o mes de setembro obtivese unha cualificación de suspenso na materia e se deran as circunstancias de promocionar ao seguinte curso, levará a materia pendente. O alumnado con materias pendentes terá un seguimento específico, tal e como se describe no apartado 4.6.4.

4.6.4. Organización das actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes.

Durante as primeiras semanas do curso, convocarase ós alumnos/as coa materia pendente para informalos do plan de seguimento e avaliación. Este plan consistirá na **entrega de boletíns mensuais** de actividades, que serán corrixidos e cualificados, e na realización de **dúas probas escritas** (unha na primeira avaliación e outra na segunda) que versarán sobre os contidos recollidos nos boletíns. As datas de entrega dos boletíns e a data da proba de cada avaliación serán consensuadas co alumnado coa finalidade de non interferir nas probas do curso actual.

A nota que se incluírá en cada avaliación obterase da cualificación das **actividades** entregadas mensualmente, **que suporá o 30 % da nota**, e a cualificación da **proba escrita**, que **suporá o 70%**. A **nota final** do curso será a **media das notas das dúas avaliacións**. Considérase

superada a materia se o alumno obtén unha cualificación igual ou superior a 5 en todas as avaliacións.

Se non aprobase algunha avaliación, o alumnado presentárase a unha **proba final no mes de maio**, cuxa data de realización será marcada pola dirección do centro. Nesta proba terá que recuperar aquela/s avaliación ou avaliacións que non superou previamente.

Se tampouco consegue unha cualificación positiva (de 5 ou máis) nesa proba de maio, terá unha nova proba en setembro, na que xa entrará todo o temario (independentemente de que aprobara algunha das avaliacións anteriormente), e que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.

4.6.5. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.

Se algún alumno/a matriculado/a na materia de Bioloxía de 2º de bacharelato non cursou a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de bacharelato, debe acreditar os coñecementos necesarios que lle permitan superar a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato, tal como reconece a lexislación vixente. Para iso, o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, fará un exame a estes alumnos/as, elaborado en base ós estándares de aprendizaxe da materia de 1º de Bacharelato. De superar esta proba, darase por aprobada a materia de 1º. Se non aprobase este exame, o alumnado terá o mesmo seguimento e avaliación da materia de 1º curso que foi descrito no apartado 4.6.4 para as materias pendentes.

4.7. Medidas de atención á diversidade.

É necesario ter en conta as características concretas dos alumnos para poder axustar a docencia ás necesidades reais de cada un. Así, entre as causas da existencia de diversidade na aula destacan os alumnos con diferente nivel de competencia curricular, alumnos con distinto desenvolvemento psicoevolutivo, con diferentes motivacións e intereses e/ ou con distinta valoración das súas capacidades, estudantes con estilos de aprendizaxe diferentes e/ ou alumnos que proceden de diferentes contextos socioculturais. Ademais disto, hai que ter presente que dentro da diversidade existente na aula podémonos atopar alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).

Debido a que a diversidade sempre está presente na aula, é preciso dispoñer de medidas para atender a esta, entre as que se destacan as actividades de diferente nivel de complexidade, de diferente modo de presentación e as actividades reforzo e ampliación. Tamén se empregan recursos variados e lévase a cabo a variación nos tipos de agrupamentos do alumnado.

No caso da presenza de NEAE, procederáse tendo en conta a colaboración e o asesoramento do Departamento de Orientación.

4.8. Elementos transversais.

Tal e como figura no Decreto 86/2015, os elementos transversais a traballar na aula son a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional. Ademais, fomentárase o desenvolvemento dunha serie de valores no alumnado, que se poden agrupar en valores persoais, prevención da violencia e educación e seguridade viaria.

A continuación indícanse propostas de como traballar na aula estes elementos transversais e valores:

➤ **Comprensión lectora e expresión oral e escrita:** inclúese en todas as unidades didácticas, polo menos, un texto ou noticia relacionados coa súa temática, que permite contribuír á comprensión lectora, e tamén ó proxecto lector do centro. A expresión oral e escrita trabállase, por exemplo, en debates e coa realización e exposición de traballos.

➤ **Comunicación audiovisual:** empréganse vídeos e/ ou animacións en todas as unidades didácticas e, por exemplo, proxéctanse escenas representativas de películas vinculadas con algunha unidade da materia a partir das que se desenvolverán outras actividades (debates, comentarios escritos, procura de información...).

➤ **Tecnoloxías da información e comunicación:** inclúese en todas as unidades tarefas relacionadas co uso do ordenador (uso de aplicacións informáticas, pescudas...). Poténciase así á destreza no manexo das novas tecnoloxías e no procesamento da información e, polo tanto, a contribución ó plan TIC de centro.

➤ **Emprendemento:** tarefas variadas nos distintos cursos, como por exemplo, deseño e elaboración de vídeos explicativos...

➤ **Educación cívica:** fomento dunha actitude de respecto cara os demais (opinións, quendas de palabra...), respecto polo material do centro, coidado do medioambiente...

➤ **Valores:**

-**Valores persoais:** pódese destacar aquí:

-**O coidado da saúde:** importancia dunha boa alimentación, de hábitos de vida saudables (realizar exercicio físico, non fumar, postura adecuada ó estar sentados na aula, etc.).

-**O coidado do medio ambiente:** adoptaranse medidas individuais para evitar o deterioro del planeta (usar papel reciclado, apagar as luces cando non se necesitan (por exemplo, no recreo...), etc.

-**O aproveitamento do tempo de ocio:** recoméndanse actividades lúdicas e formativas, como libros de lectura, visitas a museos de historia natural...

-**Prevención da violencia:** destácase a igualdade entre sexos, para o que se distribúen ós alumnos en grupos mixtos en prácticas de laboratorio, traballos..., evitando que se distribúan tarefas por sexos; destacarase o papel das mulleres na ciencia...

-**Educación e seguridade viaria:** especialmente nas saídas didácticas recordaranse unha serie de normas viarias, para evitar situacións perigosas tanto para os alumnos como para outras persoas.

4.9. Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades extraescolares e complementarias permiten un enfoque global do aprendido. As actividades extraescolares deseñadas nesta programación son:

-Saída a unha zona verde, ribeira dun río...próximo ó centro, co obxectivo de estudar un ecosistema próximo clasificando a fauna e flora máis representativa: 1º de ESO.

-Visita a Galiciencia (en colaboración co departamento de Física e Química).

-Saída a unha zona verde, ribeira dun río...próximo ó centro, co obxectivo de estudar un ecosistema próximo clasificando a fauna e flora máis representativa, así como realizar o estudo das rochas características da zona. Posibilidade de facer a saída enmarcada no *Proxecto Ríos* e analizar tamén a calidade da auga dun río próximo ó instituto. 4º de ESO e 1º de bacharelato (alumnado da materia de Bioloxía e Xeoloxía).

-Saída para realizar un traballo de campo (observación do terreo, emprego de material xeolóxico, recollida e identificación de mostras de rochas e minerais, etc.): 1º de bacharelato (alumnado de Bioloxía e Xeoloxía) e 2º de bacharelato (alumnado de Xeoloxía).

-Participación no Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño).

-Participación no Día Mundial da Saúde (7 de abril).

Cabe destacar que durante o curso podería xurdir a posibilidade de realización doutras actividades vinculadas a esta materia que resulten interesantes para o alumnado, podendo desenvolverse previa aprobación por parte do Consello Escolar. En calquera caso, esta programación de actividades pode verse modificada cando o departamento de actividades extraescolares faga a revisión das propostas de todos os departamentos.

4.10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Tal como se recolle no decreto 86/2015 “o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a práctica docente, para o que se establecerán indicadores de logro nas programacións docentes”.

Inclúese a continuación unha táboa con indicadores de logro para avaliar a práctica docente e o proceso de ensino. O resultado desta avaliación, permitirá analizar a labor docente e o proceso de ensino co fin de melloralo e perfeccionalo.

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO				
Indicadores de logro	1	2	3	4
Conseguíuse motivar para lograr que o alumno se involucre no proceso de ensino aprendizaxe.				
Logrouse a participación do alumnado.				
Prestouse a atención adecuada á diversidade do alumnado.				
Adoptáronse as medidas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
Empregáronse distintos instrumentos de avaliación				

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE				
Indicadores de logro	1	2	3	4
Empréganse distintas estratexias metodolóxicas.				
Realízanse actividades de inicio en todas as unidades para detectar coñecementos previos.				
Elabóranse as actividades atendendo á diversidade.				

Propóñense actividades variadas que favoreceron a adquisición das competencias clave.				
Combínanse distintos tipos de agrupamentos.				
Empréganse distintos espazos ó longo das unidades didácticas.				
Préstase atención individualizada ós alumnos sempre que é necesario.				
Promóvese a lectura en todas as unidades didácticas.				
Empréganse habitualmente as TIC.				
Préstase atención ó desenvolvemento de elementos transversais.				
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis destacados derivados da corrección das probas, traballos, etc.				

4.11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.

Neste epígrafe trátase de promover a reflexión para a autoavaliación na realización e no desenvolvemento da programación didáctica. Levarase a cabo a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, o que se fará ó final de cada avaliación para así poder recoller as melloras na seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	HAI QUE DESTACAR...	HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Tratamento dos contidos da unidade			
Contribución ás competencias clave			
Estratexias metodolóxicas			
Recursos e espazos			
Claridade nos criterios de avaliación			

Uso de diversas ferramentas de avaliação			
Atenção á diversidade			
Interdisciplinariedade			